

**INSTRUCCIÓN 5/2025 DA SECRETARÍA XERAL DE UNIVERSIDADES RELATIVA AOS CONVENIOS QUE SE
SUBSCRIBAN COAS UNIVERSIDADES GALEGAS CON FINANCIAMENTO DE CENTROS
INTERUNIVERSITARIOS NO ÁMBITO DA I+D+i**

Ao abeiro do establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, prevese que agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, aínda que carezan de personalidade xurídica propia, poidan acceder a subvencións públicas, sempre que se definan claramente os compromisos e obrigas de cada membro da agrupación.

No caso dos convenios subscritos pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional que inclúan financiamento destinado a centros ou institutos de investigación interuniversitarios, deberase designar unha entidade que actúe como representante único da agrupación. Esta entidade asumirá a coordinación, a interlocución coa Secretaría Xeral de Universidades e a responsabilidade de recibir e xustificar os fondos concedidos.

Esta designación resulta necesaria a efectos de garantir unha coordinación eficaz entre as partes, evitar duplicidades, facilitar a interlocución institucional e asegurar unha xestión unificada, transparente e coherente dos recursos públicos asignados.

Non se admitirá documentación relativa á solicitude ou xustificación dun Centro ou Instituto de Investigación interuniversitario presentada por unha entidade que non exerza a súa representación. Non obstante, as universidades públicas do SUG agrupadas ou asociadas terán, en todo caso, a condición de entidade beneficiaria, polo que para poder conceder a subvención solicitada todos eles teñen que cumprir os requisitos, as condicións, as obrigacións e os compromisos establecidos nos convenios, nos termos establecidos no artigo 8.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A subvención será librada á universidade nomeada como representante única.

Así, no prazo de 10 días hábiles dende a publicación desta instrución, deberá presentarse a seguinte documentación a través do procedemento PR004:

a) O convenio de colaboración ou acordo específico de constitución de centro interuniversitario que permita a concorrencia a convenios, subscritos coa Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, asinado polas universidades participantes.

b) O anexo incluído nesta instrución, asinado por todas as universidades que formen parte do Centro ou Instituto de Investigación interuniversitario, no que deberá nomearse á entidade que exercerá, para os efectos dos convenios subscritos coa Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, a representación única, tanto na coordinación como na interlocución ante a Secretaría Xeral de Universidades, e será a que reciba e xustifique a subvención e consignará os restantes datos e declaracións solicitadas.

Ademais, antes do inicio da tramitación de cada un dos convenios, achegarase información relativa á porcentaxe do importe da subvención aplicada a cada unha das entidades, os compromisos de execución asumidos por cada entidade integrante do Centro Interuniversitario e o procedemento de pago, prazos e reintegros no seu caso.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O secretario xeral de Universidades
José Alberto Díez de Castro



ANEXO . CERTIFICACIÓN CENTROS INTERUNIVERSITARIOS

DATOS DAS ENTIDADES INTEGRANTES DO CENTRO INTERUNIVERSITARIO:

DATOS DA ENTIDADE 1:	
UNIVERSIDADE	NIF

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPEÑA)			

DATOS DA ENTIDADE 2:	
UNIVERSIDADE	NIF

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPEÑA)			

DATOS DA ENTIDADE 3:	
UNIVERSIDADE	NIF

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPEÑA)			

Con base nos acordos adoptados polos órganos competentes de cada universidade:

CERTIFICAN

1) QUE ESTAS UNIVERSIDADES INTEGRAN O CENTRO DE INVESTIGACIÓN INTERUNIVERSITARIO

NOME DO CENTRO				ACRÓNIMO	
TIPO	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
PARROQUIA		LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE		





TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO
NOME E APELIDOS DA PERSOA DIRECTORA CIENTÍFICA DO CENTRO	NIF	TELÉFONO
		CORREO ELECTRÓNICO

2) QUE ACORDARON DESIGNAR COMO REPRESENTANTE CON PODER SUFICIENTE PARA CUMPRIR CON TODAS AS OBRIGAS QUE COMO ENTIDADES BENEFICIARIAS CORRESPONDEN A ESE CENTRO DE INVESTIGACIÓN INTERUNIVERSITARIO A:

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPEÑA)			

3) QUE AS UNIVERSIDADES INTEGRANTES DO CENTRO INTERUNIVERSITARIO ASUMEN O COMPROMISO SOLIDARIO DE RESPONSABILIDADE, EXECUCIÓN E APLICACIÓN DA SUBVENCIÓN

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento Xunta de Galicia. Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional	
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1, letras c) e e) do RXPd e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As Administracións públicas no exercicio das súas competencias e a Dirección Xeral de Política de Cohesión e Fondos Europeos da Consellería de Facenda e Administración Pública coa finalidade de realizar a xestión, seguimento, información, control, coordinación e estudo da execución e avaliación dos programas operativos dos fondos procedentes da Unión Europea na súa condición de Organismo Intermedios dos programas operativos en virtude das funcións atribuídas pola Autoridade de Xestión dos programas operativos segundo o disposto nos artigos 125, apartado 2, artigo 140, apartados 3 a 5, e Anexo XIII, apartado 3, do Regulamento (UE) nº 1303/2013 e as súas disposicións de desenvolvemento.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos





SINATURAS DAS PERSOAS REPRESENTANTES DAS ENTIDADES QUE INTEGRAN O CENTRO INTERUNIVERSITARIO E DA PERSOA QUE EXERCERÁ A REPRESENTACIÓN DO MESMO, NO CASO DE QUE SEXA DISTINTA DAS ANTERIORES, PARA OS EFECTOS ESTABLECIDOS NOS CONVENIOS ASINADOS COA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

Lugar e data

,

de

de

Secretaría Xeral de Universidades

